



**DIDÁCTICOS
AUDIOVISUAIS**



INTRODUCCIÓN

Nado durante o curso 2016/2017, o proxecto **Didácticos Audiovisuais** busca difundir a cultura audiovisual entre o alumnado galego nun contexto no que unha parte moi importante dos contidos informativos, lúdicos e educativos aos que accede se difunden neste soporte. A proposta, destinada a distintos niveis educativos dos centros de ensino, reivindica o enorme valor pedagóxico do audiovisual como recurso para a educación en valores e a análise do territorio ao tempo que explora a relación narrativa entre a linguaxe cinematográfica e outras expresións artísticas como a música ou a danza.

Nas tres edicións realizadas até o de agora, a estrutura de contidos sostívose sobre do dous grandes eixos, consecutivos e complementarios. Por unha banda, desenvólvese o **programa de mediación** coa comunidade docente nos centros de ensino como mecanismo de acompañamento previo ás proxeccións no que, ademais de traballar as **unidades didácticas** asociadas aos contidos de cada sesión, se realizan **obradoiros**. Neles experimentábase actividades orientadas tanto a tratar aspectos temáticos, de contextualización e técnicos das pezas que serán exhibidas como a asumir ao audiovisual como unha fonte de reflexión, de coñecemento e de xogo. Pola outra, celébranse as **sesións audiovisuais no Auditorio de Galicia**, até onde se despraza o alumnado dos centros de ensino participantes. As exhibicións de filmes e curtas están deseñadas cunha estrutura interactiva e participativa dividida en tres bloques: a presentación dos contidos, o visionado das pezas e a realización de distintas actividades vencelladas ás mesmas, como cinefóruns con persoas convidadas, que complementan a programación das accións de mediación previas.

Os principais **obxectivos** do proxecto son:

- Ampliar a cultura audiovisual do público escolar desde un punto de vista didáctico e crítico.
- Familiarizar ao alumnado coas técnicas da linguaxe audiovisual e da análise cinematográfica.
- Establecer pontes entre a narrativa audiovisual e outras manifestacións artísticas como a música ou a danza.
- Crear hábitos e disposición de goce de audiovisual procedente de latitudes, culturas e ámbitos diferentes aos propios mediante a proxección de producións alleas á dinámica *mainstream* de fácil consumo.
- Establecer sinerxías e colaboracións con outros colectivos e iniciativas culturais da cidade para a aplicación das accións propostas.

EDICIÓN 2018 - 2019. MEMORIA DE ACTIVIDADES

Como nas dúas edicións anteriores, a programación desenvolta no curso 2018 / 2019 artellouse sobre unha estrutura de contidos baseada en cinco sesións temáticas, repartidas ao longo de varios meses, os correspondentes talleres de mediación para os centros que o solicitaron; e, finalmente, o desenvolvemento das unidades didácticas asociadas, parte de proposta de mediación nos centros participantes interesados de Santiago de Compostela.

Igualmente, a liña programática das sesións, desde a súa concepción até o seu desenvolvemento, procurou un achegamento crítico ao eido audiovisual desde unha mirada consciente e comprometida coa realidade social. Nesta edición, a ecoloxía e a concienciación medioambiental, a atención á diversidade funcional e as persoas con capacidades diferentes, a perspectiva de xénero ou a loita contra a discriminación do colectivo LGBTI foron algún dos piares temáticos que atravesaron a proposta de contidos e orientaron a súa abordaxe.

En total, nas sesións desenvoltas no Auditorio de Galicia participaron preto de 2.000 escolares de toda Galicia e máis de 30 centros escolares da comarca de Santiago solicitaron acoller as sesións de mediación previas.



1ª SESIÓN. Cine-concerto: son, música e acción!

O programa arrancou no mes de decembro de 2018 cunha sesión no Auditorio de Galicia dirixida a alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria na que repetimos o formato do **cine-concerto** posta en práctica con éxito nas edicións anteriores.

A primeira actividade foron os talleres de mediación impartidos nos centros, como o CEIP de Roxos ou o CPR Sta. Apolonia, entre outros, nos que realizamos unha abordaxe teórica arredor de conceptos como a ficha técnica dunha película, a utilización do son no cine clásico silente e nas producións contemporáneas ou as diferenzas entre o cine animado tradicional e diferencias entre o primeiro cine animado e o actual.

A sesión realizada no Auditorio de Galicia fundamentouse no estímulo da participación e interacción do alumnado presente na sala a partir da combinación de música en directo e proxeccións audiovisuais. De forma simultánea ao concerto ofrecido polo grupo musical Caspervek Trío, proxectamos escenas de longametraxes de animación coñecidas polo alumnado, mesturadas con outros contidos máis relacionados co cine clásico e silente para abordar, de forma próxima e práctica, a relación narrativo-emocional entre o son, a música e a imaxe, o concepto de "banda sonora" e a función da música como localizadora espazo-temporal e como subliñadora da acción na pantalla.



2ª SESIÓN. O cine ponse verde!

A segunda sesión do programa, titulada "O cine ponse verde" desenvolveuse en xaneiro do 2019 cunha proposta dirixida a alumnado de 3º e 4º curso de Educación Primaria centrada na concienciación medioambiental.

A través da proxección das pezas audiovisuais *The song for rain* (2012) e *Choiba* (2011) e dos spots publicitarios *Equilibrium* e *Coida a auga* (2015), reflexionamos arredor da contaminación dos océanos, as especies animais en perigo de extinción, a necesidade de adoptar a práctica da reciclaxe ou da emerxencia climática.

Para profundar na temática e enriquecer a reflexión, no debate posterior á proxección contamos coa presenza dunha representante de ADEGA, quen presentou o labor da entidade e, concretamente do Proxecto Ríos, unha iniciativa de concienciación, educación e participación cidadá en defensa dos nosos ríos.


Nos talleres de mediación, solicitados por once colexios, como o CEIP Ramón Cabanillas, o Colexio Juventud, o CPR La Inmaculada, o CEIP Raíña Fabiola ou o CEE A Barcia, abordamos contidos teóricos como as diferenzas entre as curtametraxes, os filmes e os anuncios publicitarios, coñecemos a técnica do *stop motion* e o alumnado amosou o seu interese por experimentar coa cámara a gravación de vídeo.



3ª SESIÓN. Somos Iguais, Somos Distintas

A terceira sesión dos Didácticos Audiovisuais, dirixida ao alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria, centrou o foco de atención na diversidade funcional. Primeiramente, nos talleres de mediación, aos que asistiron o CEIP Cardeal Quiroga Palacios, o CEIP Vite I ou ASPANAES, entre outros centros e colectivos, presentamos ás pezas audiovisuais seleccionadas, conversamos sobre dificultades que afrontan as persoas con diversidade nun mundo capacitista e, a miúdo, excluínte; estudamos aspectos técnicos da linguaxe audiovisual como os tipos de planos ou as diferenzas entre unha curtametraxe e unha película; e introducimos o nocións sobre o manexo de cámara a través de dinámicas de xogo participativas.

Na sesión desenvolta no Auditorio de Galicia proxectamos as pezas audiovisuais *Tamara* (Jason Marino/Craig Kitzmann, 2013) e *Out of sight* (Ya-Ting Yu, 2010) e algunhas escenas de *O milagre de Ana Sullivan* (Arthur Penn, 1962) como recurso para achegarnos á pluralidade de realidades cotiás existentes, reflectidas nas protagonistas das obras, nenas con capacidades diferentes (por seren cegas, xordas, mudas, ou ter algunha diversidade física). Finalmente, no cinefórum infantil posterior á sesión audiovisual, contamos coa presenza de dúas persoas representantes de COGAMI, que relataron o seu día a día e ás que o alumnado puido achegar as súas preguntas e inquedanzas.



4ª SESIÓN. Elas Bravas!

Por segundo ano consecutivo, a sesión "Elas Bravas" orientouse á visibilización da presenza feminina no audiovisual, a partir da escolla de filmes protagonizados por mulleres nos distintos roles de creación (directoras, produtoras, actrices...), ou narrados desde unha perspectiva de xénero. Nesta ocasión, a proposta dirixiuse a alumnado de Educación Secundaria, de entre 12 e 15 anos, co obxectivo de abordar temáticas de especial interese para estudantado adolescente ou pre-adolescente.

Nas sesións de mediación previas á proxección, nas que participaron o IES de Pontepedriña, o Colexio Compañía de María e CEE O Pedroso, debatimos arredor do cine actual recurrido ao emprego do Test de Bechdel, coñecemos as profesións propias do mundo audiovisual e os posibles itinerarios a seguir para desenvolvernos profesionalmente no cinema.

Na xornada centrada na exhibición audiovisual, proxectamos dúas curtametraxes dirixidas por mulleres: *Einstein-Rosen* (Olga Osorio, 2016) e *The Neverending Wall* (Silvia Carpizo, 2017). No cine-foro posterior, contamos coa presenza de Olga Osorio, quen compartiu a súa experiencia no mundo do audiovisual, incidindo nas dificultades que debeu afrontar para dirixir a súa primeira curta.



5ª SESIÓN. DANZA (É) CINE

Na quinta e última sesión do programa Didácticos Audiovisuais, celebrada no marco da celebración do Día Internacional da Danza, propuxemos a alumnado de 3º e 4º de Educación Primaria a exploración das relacións expresivas e narrativas contidas nos números de baile de filmes de distintas épocas.

Para abordar este obxectivo, nas sesións de mediación impartidas nos centros, como o CEIP A Milagros e o CEIP Pío XII, traballamos as capacidades da música e a danza para funcionar como medios de expresión de emocións e sentimentos así como a utilidade do guión e o *story board* nun proceso de creación dunha película.

Na sesión de proxección audiovisual do Auditorio, organizamos un espectáculo didáctico protagonizado por catro bailarinas: Marta Alonso e Paula Quintas, de Danza Alfaia / Colectivo Traspediante, e unha parella de bailes latinos e de salón da escola Sons Club de Baile. A partir dunha serie de escenas, as profesionais convidadas recrearon en directo, sobre o escenario do Auditorio, números presentes nas películas *Swing Time* (George Stevens, 1936), *West Side Story* (Jerome Robbins/Robert Wise, 1961), *As Zapatillas Vermellas* (Michael Powell, 1948) e *Billy Elliot* (Stephen Daldry, 2000). O contraste entre a interpretación das profesionais e as escenas dos filmes resultou un recurso moi útil para explicar ao alumnado as características expresivas de cada tipo de baile e a súa función narrativa dentro de cada unha das películas así como para reflexionar colectivamente sobre a relación entre danza, música e imaxe.



CONCLUSIÓN

Unha vez desenvolta a totalidade da programación, podemos destacar o interese detectado nas sesións de mediación desenvoltas nos centros educativos, especialmente no referente á implementación, a través de metodoloxías didácticas, de contidos relacionados coa linguaxe e técnicas do eido audiovisual. Neste senso, nas futuras edicións do proxecto, ademais da presentación das temáticas e pezas protagonistas de cada sesión, procuraremos dotar de maior peso e profundidade aos contidos teóricos e a experimentación práctica. No relativo ás sesións o Auditorio, consideramos positiva a participación do alumnado, tanto coa equipa mediadora de 7H Cooperativa Cultural como coas persoas convidadas aos distintos foros, reflectíndose nas intervencións do estudantado a pertinencia das temáticas e a súa correcta adaptación as diversas franxas de idade.







Educamos creatividade
comunicamos cultura

www.7Hcoop.gal
7hcoop@7hcoop.gal
881978756 · 637894033



@7Hcoop